

## 25 DE NOVIEMBRE DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Unicef, segundo datos de 2006, calcula que 130 millóns de mulleres foron sometidas á ablación ou mutilación xenital. A maioría dos casos prodúcense na África subsahariana. A ablación é un ritual que realizan as familias en privado, baixo a crenza de que permite realzar a beleza, a honra, o estatus social e as posibilidades de matrimonio das mulleres. Obviamente, a súa intención é outra diferente: impedir o pracer sexual na muller. A maiores, a mutilación xenital ten severas consecuencias para as xoves que a sofren, polas infeccións, as hemorraxias e a dor, que poden chegar a deixalas infertis, complicar os seus partos e mesmo acabar coas súas vidas.

**MOOLAADÉ**, Senegal- Francia, 2004. Dirección: Ousmane Sembene.

1.- Sinala aqueles aspectos da cultura e das actividades cotiás que máis che chamaron a atención neste filme (por exemplo: vestiario, vivenda, artigos máis cotizados, saúdos, ocupacións...)

2.- Resume brevemente o argumento da película.

3.- Analiza os seguintes personaxes:

Collé Ardo                      Mercenario                      A primeira esposa

Cire, o esposo              O xefe do Consello              O mozo chegado de Francia

4.- Que tipos de violencia de xénero aparecen na película? Pon exemplos de cada un.

5.- Comenta distintos aspectos do matrimonio que se mostran e que son denigrantes para a muller. Por exemplo: poligamia, idade das noivas, poder ser repudiada, sometemento ao home...

6.- Que nome recibe a ablación ao longo de case toda a película (só ao final é denominada “mutilación”). Que razóns se dan para practicala?

7.- Por que Collé se opón á ablación? Que consecuencias tivo no seu caso persoal? A través de outras nenas, que outras consecuencias negativas desta mutilación aparecen no filme?

8.- Como está formado o Consello ante o que falan as purificadoras e Collé? Que postura defende o Consello sobre este tema?

9.- Que son as “bilakoro” e que ideas circulan sobre elas en canto ao matrimonio ou a maternidade?

10.- Por que os homes confiscan as radios ás mulleres? Que pretenden lograr con iso?

11.- Que fai mudar a actitude das mulleres respecto á ablación?

12.- Ao final, cando Collé fala ante os escandalizados homes, que di con relación ao Islam e a ablación das nenas?

13.- Unha das mulleres di: “A esperanza enxendra o valor, as mulleres son a esperanza”. Explica o que significa no contexto da película.

14.- Que significa o Moolaadé, simbolizado coa corda, e como se pode romper?

15.- Cal é a última imaxe da película e que simboliza?

16.- As tradicións son sempre positivas? Débese loitar contra elas se asoballan unhas persoas e privilexian outras? A resistencia dunha soa persoa pode ser exemplo a imitar para moitas?

17.- Menciona algún costume da nosa sociedade que sexa discriminatorio coa muller. Indica de que xeito podes ti loitar contra el.